

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A besta da Braña do Sapal

A Braña de Sapal está entre Miñata, lugar da parroquia de San Martiño de Oca, Coristanco (A Coruña), e Noví, na parroquia de Santa María de Ardaña, concello de Carballo (A Coruña).

Desde sempre sabíase que había alí unhas pozas polas que ninguén se atrevía a pasar e tamén se sabe que unha vez pasou unha besta por aqueles illós e afogou. Desde entón o que se empeñe en pasar por alí, afoga seguro.

En Miñata e en Noví saben o da besta porque todos os anos o día 19 de agosto, ás doce en punto da noite, senten o seu rinchar.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. M^a., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, p.182.